



Coidando, educamos

Ferradás Blanco, Lois

Artigo
temático

Novembro de 2006

Resumo

Desde antigo, as familias coidan ás súas crianzas. Todo o mundo sabe que os pais e nais deben alimentar, abrigar, asear e protexer ás súas fillas e fillos; e dunha ou doutra forma, é o que acostuman facer a inmensa maioría das familias.

Máis recente no tempo é o descubrimento de que os primeiros anos da vida das persoas son moi importantes para a súa educación e para o que chegarán a ser.

Algunhas veces fálase por separado dos coidados e da educación; por un lado da calidade dos coidados (a calidade dos alimentos que toman, a seguridade e calor do espazo que habitan, a roupa que visten, a atención á súa saúde,...) e por outro lado fálase da educación, isto é como moldear os seus sentimentos, como ensinar a falar; a razoar,...

Neste artigo, en cambio, quixera explicar como as actividades que aportan os coidados básicos ás nenas e aos nenos teñen, ou poden ter, en si mesmas moita forza educativa, é dicir, poden contribuír poderosamente a desenvolver capacidades sensoriais e de movemento, de coñecemento, de establecemento de afectos e relacións interpersoais positivas.

Palabras Chave: Coidados básicos, educación, sentidos, comunicación verbal, relacións emocionais, autonomía

¿Educan os coidados básicos?

Os coidados básicos que nos permiten comer, durmir, asearnos, vestirnos, mirar pola saúde,... non son só a resposta a necesidades básicas, senón que son ocasións para apoiar o desenvolvemento humano. Imos explicar como.

Mentres proporcionamos calquera dos coidados básicos estimulamos continuamente o mundo dos **sentidos** das crianzas. Cando erguemos un bebé en brazos, cando lle cambiamos o cueiro, cando lle damos un alimento,... están presentes unha cantidade enorme de estímulos. Cando estes coidados se realizan con calidade, as nenas e os nenos teñen a ocasión de moverse, de sentir, de mirar, de oír, de tocar, de saborear,... experimentando moi variadas sensacións.

A súa repetición regular e ritual axudan á crianza a estruturar o tempo e a anticipar ou prever o que vai pasar. Se sumamos a isto os estímulos de carácter persoal que proporciona quen manexa á nena ou ao neno con agarimo e coidado, é fácil comprender que estas experiencias son un momento estupendo para os intercambios co mundo que rodea ás crianzas.



Normalmente estes coidados son acompañados por unha abundante **comunicación verbal** por parte das persoas maiores, que lle dá sentido a estes momentos e contribúe, así mesmo, ao desenvolvemento da linguaxe das nenas e dos nenos.

Estes coidados corporais son importantísimos para o establecemento das **relacións emocionais**. Nestas situacións nas

que se atenden as necesidades básicas practícase o xogo da dependencia e a independencia, e multiplícanse as interaccións afectivas (Así o expresa o dito popular: “O roce fai o cariño”). A dependencia da criatura respecto das persoas maiores que a coidan implica unha relación moi próxima, coa que experimenta pracer e benestar, e ás veces dor e frustración. Cando todo vai ben, van medrando os sentimentos de confianza na outra persoa e nas satisfaccións futuras.

A medida que as nenas e os nenos van medrando, especialmente despois do primeiro ano, prodúcese unha lenta e progresiva retirada da persoa maior. Acostúmase a irle pedindo á crianza que desenvolva unha crecente autonomía. Isto é, que poidan independizarse das necesidades biolóxicas (fame, evacuación, sono, etc), regulando voluntariamente os seus ritmos, e que se vaia separando progresivamente da dependencia total de quen as/os coidan para satisfacer as súas necesidades. A este respecto, é necesario encontrar o equilibrio no proceso que conducirá á nena ou neno na adquisición da súa primeira autonomía persoal, proporcionando seguridade, pracer, confianza e sentimento de competencia (de ser capaz). Debemos evitar tanto as frustracións excesivas por unha esixencia esaxerada, como a sobreprotección por ausencia de retos de superación e a falta de confianza nas súas capacidades.

Para conseguir todo isto (estimulación sensorial, enriquecemento da linguaxe, seguridade afectiva, progresiva autonomía) é necesario prestar atención á calidade dos coidados que proporcionamos aos nenos e ás nenas, non realizalos simplemente de forma mecánica, senón sabendo que a través deles estamos axudando a medrar a un ser humano.



Referencias

Ferradás Blanco, Lois (2003): “Coidar e educar” . Preescolar na Casa, 131. Lugo <<http://www.preescolarnacasa.org>>

Cita recomendada

Ferradás Blanco, Lois (2006). “Coidar e educar”. Chupeta. Xunta de Galicia. Vicepresidencia. [Data de consulta:dd/mm/aa]. http://www./ced_tema_01ferradas_06.pdf



Esta obra está baixo a licenza Recoñecemento – Non comercial – Obras derivadas baixo a mesma licenza 2.5 de Creative Commons. Pódea copiar, distribuír e comunicar publicamente sempre que especifique o seu autor e a Xunta de Galicia; non a utilice para fins comerciais; pode facer obras derivadas e distribuila cunha licenza coma esta. A licenza completa pódese consultar en <http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/2.5/deed.gl>.